



Teño vintecinco mosas
sitadas pr'onda merenda,
se tén un bolo dun carto,
señora, por Dioh mo venda.

Teño vintecinco mosas
no corasón teño unha,
se me quer'e ella é leal
xa non quer'outra nincunha.

(a unha veciña:)

Tienes el cuerpo bien hecho,
la cara también t'áuda,
si o sabes remediar
non tienes chata nincuna.

Se nos quixéramos ben
como debía de ser
mellores dous namorados
non os había d'haber-e.

Se nos quixéramos ben
como nos corría sona
non me mandabas recados,
viñas me ver en persona.

Cando vas a junt'a min
me dises adiós, morena,
no me dises astra cando,
siempre me deixas con pena.

Toca, miña pandeireta
non te rías de mis manos,
veño de Montevideu
de ve-los americanos.

O couro da pandeireta
é do couro dunha ouvella,
onte comía na herba,
e hoxe toca qu'arrabea.



O pandeiro toca ben
porqu'as forriñas son novas,
as nenas da miña terra
bailaban sin castañas.

....son brancas
porque se fan d'alghadón.
¡Quén che mas dera no monte
tirando por un loghón;

Esta casa é caleada
caleada de papel
o señor, que nela vive
era de sancre real-e.

Casadiño de tres días
tiña muller parideira,
e unha conveniencia desas
Dios lle dea a quen a queira.